



**INSTRUCCIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2010 DE MEDIDAS A APLICAR EN RELACIÓN Á DECLARACIÓN DA PRESENZA DO ORGANISMO *Bursaphelenchus xylophilus* (nematodo do piñeiro)**

**1.- ANTECEDENTES, OBXECTO E XUSTIFICACIÓN.**

O 26 de novembro de 2010 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 228 a *resolución do 17 de novembro de 2010 da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus*, (nematodo do piñeiro) e se ordena comenzar as medidas para a súa erradicación.*

O apartado sexto da citada resolución establece a prohibición de cortar madeira de especies sensibles na área de erradicación e demarcada ata que se determinen as medidas sanitarias para a eliminación ou transformación da madeira para a total erradicación do brote.

O obxecto da presente instrucción é regular os aproveitamentos madeireiros na zona B, denominada zona demarcada, entre un raio de 1,5 km e un raio de 20 km arredor das coordenadas do punto positivo (N 42° 08' 08,7'' e W 8° 26'38,3'').

**2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN DA INSTRUCCIÓN.**

**2.1.- Ámbito xeográfico.**

A totalidade ou parte dos concellos de Mos, Ponteareas, As Neves, Salvaterra de Miño, Arbo, A Cañiza, Mondariz-Balneario, Mondariz, Salceda de Caselas, O Porriño, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Melón e Vigo. As parroquias incluídas na zona demarcada son as seguintes:

CONCELLO	PARROQUIA
Melón	Melón (Santa María)
Arbo	Todas as parroquias do concello
Cañiza (A)	Todas as parroquias do concello
Covelo	Barciademera (San Martiño), Campo (Santa María), Casteláns (Santo Estevo), Covelo (O) (Santa Mariña), Covelo (O) (Santiago), Fofe (San Miguel), Godóns (Santa María), Lamosa (San Bartolomeu), Maceira (San Salvador), Paraños (Santa María), Piñeiro (San Xoán), Prado Da Canda (Santiago)
Crecente	Albeos (San Xoán), Ameixeira (San Bernabé), Crecente (San Pedro), Freixo (San Roque), Quintela (San Caetano), Rebordechán (Santa María), Ribeira (Santa Mariña), Vilar (San Xurxo)
Fornelos de Montes	Traspieles (Santa María), Ventín (San Miguel)
Mondariz	Todas as parroquias do concello
Mondariz-Balneario	Todas as parroquias do concello
Mos	Todas as parroquias do concello
Neves (As)	Todas as parroquias do concello
Pazos de Borbén	Todas as parroquias do concello
Porriño (O)	Todas as parroquias do concello
Ponteareas	Todas as parroquias do concello
Redondela	Cabeiro (San Xoán), Negros (Santo Estevo), Quintela (San Mamede), Reboreda (Santa María), Saxamonde (San Román), Vilar De Infesta (San Martiño)
Salceda de Caselas	Todas as parroquias do concello
Salvaterra de Miño	Todas as parroquias do concello
Tui	Baldráns (Santiago), Caldelas De Tui (San Martiño), Guillarei (San Mamede), Paramos (San Xoán), Pazos De Reis (O Sagrario), Randufe (Santa María Da Guía), Rebordáns (San Bartolomeu), Ribadelouro (Santa Comba), Tui (O Sagrario)
Vigo	Bembrive (Santiago), Cabral (Santa Mariña), Candeán (San Cristovo), Zamáns (San Mamede)



## 2.2.- Plantas sensibles.

A presente instrución é de aplicación a masas puras ou mesturadas que presenten exemplares de especies dos xéneros *Abies*, *Cedrus*, *Larix*, *Picea*, *Pinus*, *Pseudotsuga* e *Tsuga*.

## 3.- NORMAS ÁS QUE DEBERÁN SOMETERSE AS SOLICITUDES DOS APROVEITAMENTOS MADEIREIROS.

3.1.- Dentro do ámbito xeográfico e para as especies afectadas quedan revogadas tódalas comunicacions, notificacións e autorizacións para o aproveitamento madeireiro que tiveran vixencia con anterioridade ao 26 de novembro de 2010. Aqueles interesados en efectuar ou reiniciar aproveitamentos madeireiros no ámbito de aplicación deberán solicitalo consonte ao establecido na presente instrución.

3.1.1. Os aproveitamentos madeireiros e leñosos en montes privados de xestión privada de superficie inferior a 25 ha arboradas agás o *Pinus sylvestris* e que non precisen de informe preceptivo de órgano diferente á administración forestal (Camiño de Santiago, Rede Natura 2000, zona do dominio público hidráulico), requirirán autorización previa da Administración forestal. A administración forestal emitirá as autorizacións nun prazo máximo de 15 días, contados desde a formalización da solicitude. No caso de non emitirse autorización no prazo de 15 días entenderase estimada a solicitude. Se a resolución fose negativa deberá xustificarse tecnicamente. As solicitudes presentaranse na correspondente Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural. No caso de presentar as solicitudes por outra vía, o prazo para emitir a resolución será de 30 días.

3.1.2. Os aproveitamentos madeireiros, leñosos, de cortiza e de resinas que se realicen en montes de máis de 25 ha arboradas ou que sí precisen de informe preceptivo de órgano diferente á administración forestal (Camiño de Santiago, Rede Natura 2000, zona do dominio público hidráulico), deberán contar cunha autorización da Administración forestal, que se emitirá nun prazo máximo de 30 días desde a formalización da solicitude. No caso de non emitirse autorización expresa no prazo de 30 días entenderase estimada a solicitude. Se a contestación fose negativa deberá xustificarse tecnicamente. Tamén será de aplicación dito prazo a todas as solicitudes que afecten a exemplares de *Pinus sylvestris*.

3.2.- As solicitudes de autorización deberán axustarse a modelo que se adxunta (anexo V).

## 4.- NORMAS ÁS QUE DEBERÁN SOMETERSE A EXECUCIÓN DOS APROVEITAMENTOS MADEIREIROS AUTORIZADOS.

4.1.- Os movementos dende o parque de monte ao centro de destino deberán ser postos en coñecemento das autoridades de sanidade vexetal (teléfono 886.20.65.43; fax 886.20.65.88) cunha antelación mínima de 72 h antes de producirse, co fin de garantir a



trazabilidade das materias primas. As partidas de madeira que estiveran no monte antes da publicación da resolución do 17 de novembro de 2010 poderán ser trasladadas a unha industria da zona demarcada para o seu procesado. Deste movemento tamén se dará conta ás autoridades de sanidade vexetal por se fose necesario tomar algunha medida de inmovilización ao respecto no monte ou na industria receptora.

O persoal de inspección de sanidade vexetal poderá inspeccionar as parcelas a cortar e determinar, en función do estado sanitario da masa, que únicamente cando por razóns moi claras de posibilidade de infestación, poderá tomar unha mostra e paralizar a corta ata a recepción do resultado do laboratorio.

No tocante aos tratamentos a efectuar aos produtos obtidos dos aproveitamentos madeireiros, distinguirse entre aqueles cuxo destino sexa a serra e os seus derivados por un lado e por outro lado aqueles destinos consistentes na trituración.

**4.1.1.- MADEIRA CON DESTINO Á SERRA.** Entre o 1 de abril e o 1 de novembro do ano non se poderán efectuar labores de apeo, procesado no monte ou desembosque de ningún exemplar das especies sensibles na zona demarcada, agás por causa de forza maior debidamente xustificada. Fóra dese período, a madeira procesarase en industrias que estean ubicadas dentro da zona demarcada. En todo caso, aplicaranse os tratamentos térmicos establecidos na Decisión da Comisión 2006/133/CEE do 13 de febreiro e as súas modificacións.

**4.1.2.- MADEIRA CON DESTINO Á TRITURACIÓN.** Será obxecto de aproveitamento durante todo o ano. Poderase trasladar fóra da zona demarcada, previo astelado dentro dos límites da dita zona. O transporte das astelas efectuarase de tal xeito que se garanta o seu total aillamento ao exterior e a estanqueidade nos depósitos de transporte, previa a autorización e controis que estableza a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.

**4.2-** Os restos dos aproveitamentos sometidos a esta instrución deberán ser astelados ou ben queimados in situ antes de que transcurran 15 días dende o remate do aproveitamento. Para a queima deberanse cumplir as normas establecidas na lexislación de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Os restos de madeira de plantas sensibles procedentes das industrias tamén serán tratados, preferiblemente dentro da zona demarcada nun destino onde se queimen ou ben sexan astelados para o seu procesado.

O incumprimento destas normas será sancionado en base ao establecido na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal (BOE nº 279, do 21 de novembro de 2002) e na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes (BOE nº 280, do 22 de novembro de 2003).

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010

O director xeral de Montes



Tomas Fernández-Couto Juanas